

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

14965 *Orde ISM/1099/2020, do 23 de novembro, pola que se fixan para o exercicio 2020 as bases normalizadas de cotización á Seguridade Social, por continxencias comúns, no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón.*

O artigo 130.oito da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, prevé que para a determinación das bases normalizadas de cotización por continxencias comúns no réxime especial para a minaría do carbón se aplicará o procedemento descrito nas regras contidas no citado precepto e faculta o actual Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para fixar a contía das citadas bases de cotización.

Ao quedaren prorrogados de forma automática os orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, en virtude do disposto no artigo 134.4 da Constitución española, procede manter nos seus propios termos as normas de cotización previstas no citado artigo 130, ben que coa necesaria adaptación ás modificacións normativas que, con posterioridade á publicación da Lei 6/2018, do 3 de xullo, incidiron neste ámbito.

Neste sentido, cabe sinalar o disposto no artigo 7 do Real decreto lei 18/2019, do 27 de decembro, polo que se adoptan determinadas medidas en materia tributaria, catastral e de seguridade social, onde se establece que as contías do tope máximo e da base máxima de cotización á Seguridade Social provisionalmente desde o 1 de xaneiro e mentres non entre en vigor a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2020 se rexerán polo establecido no artigo 3 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización da pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, que dispón unha actualización do tope máximo e das bases máximas de cotización no sistema da Seguridade Social para o exercicio 2019.

A tal finalidade responde o contido desta orde, mediante a cal se determinan as bases normalizadas de cotización por continxencias comúns no réxime especial para a minaría do carbón, tendo en conta, para a determinación de tales bases, a contía das bases de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais correspondentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019, ambos inclusive, coas especialidades contidas no artigo 57 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

A elaboración desta orde adecuouse aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Desta maneira, a orde responde á necesidade de determinar as bases normalizadas de cotización, por continxencias comúns, dos traballadores pertencentes ao réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón. É coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e co ordenamento xurídico da Unión Europea, posto que se dita para desenvolver as previsións contidas na Lei de orzamentos xerais do Estado. É eficaz e proporcional, xa que regula os aspectos imprescindibles para que os suxeitos responsables poidan efectuar a cotización, determinando as contías das bases, a aplicabilidade destas, proporcionando a seguridade xurídica e a transparencia necesaria ás persoas afectadas. Así mesmo, é eficiente e a súa aplicación non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

No seu proceso de tramitación, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta orde someteuse ao trámite de audiencia e información pública a través da consulta directa ás organizacións empresariais e sindicais representativas do sector e da súa publicación no portal web do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Esta orde dítase en virtude das facultades conferidas ao ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións polo artigo 130, número oito.2, da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de réxime económico da Seguridade Social, atribuída polo artigo 149. 1. 17.^a da Constitución española.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado,

DISPOÑO:

Artigo único. *Bases normalizadas de cotización para 2020.*

En aplicación do disposto no artigo 130.oito da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, prorrogada para o ano 2020, as bases de cotización por contingencias comúns no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón, normalizadas para cada unha das categorías e especialidades profesionais, que deben aplicarse durante o exercicio 2020 son, para cada unha das zonas mineiras, as que se conteñen no anexo.

Disposición adicional única. *Prazo especial de ingreso.*

A Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións establecerá o prazo especial para o axuste das diferenzas que resulten da aplicación das bases que se fixan nesta orde, respecto daquelas polas que se veu cotizando durante os meses transcorridos do exercicio 2020, até o mes anterior ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo dos efectos retroactivos que derivan da aplicación do artigo único.

Madrid, 23 de novembro de 2020.–O ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, José Luis Escrivá Belmonte.

ANEXO

Bases diarias normalizadas de cotización, por contingencias comúns, que se establecen no réxime especial da minaría do carbón para a súa aplicación, durante o exercicio 2020, no ámbito territorial da Zona Primeira (Asturias)

Categoría profesional, especialidade e grupo profesional	Bases diarias de cotización normalizadas 2020
	Euros
<i>Interior</i>	
I. Persoal técnico titulado	
Enxeñeiro superior.	133,45
Xeólogo.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo, perito principal.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo, perito xefe.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo, perito subxefe.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo, perito auxiliar.	133,45
II. Persoal técnico non titulado	
Vixilante de 1. ^a	133,44
Vixilante de 2. ^a	133,45
Encargado de servizo.	133,45
Monitor de 1. ^a	118,70
Oficial principal organización de servizos.	133,45
Oficial técnico organización de servizos.	130,94
Oficial principal de topografía.	114,08
Oficial de topografía.	100,81
Xefe de equipo de mantemento.	130,92
III. Persoal obreiro	
Artilleiro.	133,45
Barrenista.	133,45
Mineiro 1. ^a	133,45
Picador.	133,44
Axudante artilleiro.	133,45
Axudante barrenista.	133,44
Oficial mecánico 1. ^a	108,48
Oficial electricista 1. ^a	116,26
Oficial eléctrico explotación.	112,49
Oficial mecánico explotación.	120,60
Oficial de mantemento.	123,96
Oficial de oficio de 1. ^a	127,28
Especador.	125,65
Embarcador.	104,08

Categoría profesional, especialidade e grupo profesional	Bases diarias de cotización normalizadas 2020
	Euros
Embarcador sinalista.	105,88
Maquinista de arrinque.	125,49
Oficial de sondaxes.	117,54
Maquinistas de tracción e extracción.	99,40
Axudante mineiro.	106,19
Oficial mecánico 2. ^a	97,61
Oficial de oficio de 2. ^a	112,19
Axudante de oficio electromecánico.	106,64
Oficial electricista de 2. ^a	98,65
Electromecánico de 1. ^a	119,95
Electromecánico de 2. ^a	128,63
Axudante picador.	133,44
Oficial mecánico principal explotación.	123,76
Oficial eléctrico principal explotación.	124,76
Especialista de labores mecanizados.	133,45
<i>Exterior</i>	
IV. Persoal técnico titulado	
Enxeñeiro superior.	133,45
Licenciado.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo, perito xefe.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo, perito subxefe.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo, perito auxiliar.	133,45
Graduado social principal.	133,45
Graduado social xefe.	133,45
Graduado social subxefe.	133,45
Graduado social.	130,48
Axudante técnico sanitario..	133,45
Mestre industrial.	133,45
Mestre de primeiro ensino.	133,44
Profesor mercantil principal.	133,45
Enxeñeiro industrial.	133,45
Médico.	133,45
Enxeñeiro técnico facultativo minas principal.	133,45
Axudante técnico sanitario principal.	133,45
Diplomado Ciencias Empresariais.	133,44

Categoría profesional, especialidade e grupo profesional	Bases diarias de cotización normalizadas 2020
	Euros
Enxeñeiro técnico informática.	133,45
Enxeñeiro técnico informática xefe.	133,45
Enxeñeiro técnico informática principal.	133,45
V. Persoal técnico non titulado	
Agregado técnico de 1. ^a	129,57
Encargado de servizo.	131,70
Xefe de servizo ou taller.	133,44
Vixilante de 2. ^a	133,45
Oficial técnico organización de servizos.	133,45
Oficial laboratorio.	100,61
Agregado técnico de 3. ^a	110,16
VI. Persoal obreiro	
Xefe de equipo.	106,60
Oficial mecánico de 1. ^a	112,24
Lampisteiro de 1. ^a	98,35
Oficial de 1. ^a construción.	113,52
Oficial de 1. ^a electricista.	108,27
Oficial de oficio de 1. ^a	115,45
Oficial de 1. ^a de oficios varios.	133,45
Oficial mecánico de 2. ^a	96,09
Oficial de 2. ^a electricista.	94,77
Oficial de oficio de 2. ^a	109,48
Oficial 2. ^a oficios varios.	71,01
Pesador de báscula.	102,01
Peón especialista.	102,07
Electromecánico de 1. ^a	108,82
Electromecánico 2. ^a	56,30
Operador de cadro.	107,01
VII. Peóns	
Peón	113,96
VIII. Persoal administrativo, de economato e servizos auxiliares	
Analista de informática.	133,45
Xefe administrativo de 1. ^a	133,45
Programador de informática	133,45
Xefe administrativo de 2. ^a	133,44
Oficial administrativo de 1. ^a	113,03

Categoría profesional, especialidade e grupo profesional	Bases diarias de cotización normalizadas 2020
	Euros
Auxiliar administrativo.	85,28
Maquinista de extracción.	133,45
Conductor de ómnibus e camión 1. ^a	133,45
Almaceneiro principal.	90,99
Ordenanza.	39,40

Bases diarias normalizadas de cotización, por contingencias comúns, que se establecen no réxime especial da minaría do carbón para a súa aplicación, durante o exercicio 2020, no ámbito territorial da Zona Segunda (Noroeste)

Categoría profesional, especialidade e grupo profesional	Bases diarias de cotización normalizadas 2020
	Euros
<i>Interior</i>	
I. Persoal técnico titulado	
Enxeñeiro superior.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo, auxiliar.	133,45
Vixilante de 1. ^a	133,45
II. Persoal técnico non titulado	
Vixilante de 1. ^a	133,45
Vixilante de 2. ^a	133,44
Auxiliar topógrafo.	133,45
III. Persoal obreiro	
Axudante barrenista.	120,97
Axudante mineiro.	93,46
Barrenista.	133,43
Oficial 1. ^a , electricista, mecánico electromecánico.	133,45
Oficial 2. ^a mecánico e electromecánico.	114,18
Xefe de equipo.	133,45
Maquinista de arrinque.	129,3
Oficial 1. ^a oficios varios, albanel de 1. ^a	121,17
Oficial 2. ^a oficios varios, albanel de 2. ^a	111,42
Picador.	133,44
<i>Exterior</i>	
IV. Persoal técnico titulado	
Enxeñeiro superior e licenciado.	133,45
Enxeñeiro técnico facultativo xefe.	133,45
Enxeñeiro técnico facultativo auxiliar.	133,44

Categoría profesional, especialidade e grupo profesional	Bases diarias de cotización normalizadas 2020
	Euros
V. Persoal técnico non titulado	
Vixilante de 1. ^a	106,86
Vixilante de 2. ^a	111,31
Encargado de servizos.	133,44
Oficial técnico organización servizos.	115,37
VI. Persoal obreiro	
Axudante oficios varios.	80,45
Xefe de equipo.	133,43
Lavador de 2. ^a	79,75
Persoal limpeza.	73,42
Oficial de oficio de 1. ^a	107,03
Oficial de 2. ^a oficios varios.	92,38
Peón.	79,95
VIII. Persoal administrativo, de economato e servizos auxiliares	
Director, xerente e apoderado.	133,44
Auxiliar administrativo.	79,75
Conductor ómnibus, camión 5 t.	86,31
Oficial administrativo de 1. ^a	110,86

Bases diarias normalizadas de cotización, por continxencias comúns, que se establecen no réxime especial da minaría do carbón para a súa aplicación, durante o exercicio 2020, no ámbito territorial da Zona Terceira (Sur)

Categoría profesional, especialidade e grupo profesional	Bases diarias de cotización normalizadas 2020
	Euros
<i>Exterior</i>	
III. Persoal técnico titulado e non titulado	
Enxeñeiro superior e licenciado.	133,45
Enxeñeiro técnico facultativo, perito subxefe.	133,45
Vixilante de 1. ^a	133,45
Oficial técnico de organización de servizos.	133,45
IV. Persoal obreiro	
Operador de 1. ^a	133,45

Bases diarias normalizadas de cotización, por contingencias comúns, que se establecen no réxime especial da minaría do carbón para a súa aplicación, durante o exercicio 2020, no ámbito territorial da Zona Cuarta (Centro-Levante)

Categoría profesional, especialidade e grupo profesional	Bases diarias cotización normalizadas 2020
	Euros
<i>Interior</i>	
I. Persoal técnico titulado	
Enxeñeiro superior.	133,45
Enxeñeiro técnico, facultativo perito xefe.	133,45
Xeólogo.	133,44
II. Persoal técnico non titulado	
Vixilante de 1. ^a	133,45
Oficial técnico organización servizos.	133,45
III. Persoal obreiro	
Barrenista.	133,45
Picador.	133,45
<i>Exterior</i>	
IV. Persoal técnico titulado	
Enxeñeiro superior e licenciado.	133,45
Enxeñeiro técnico facultativo, xefe.	133,45
Enxeñeiro técnico facultativo, auxiliar-axudante.	133,45
Encargado de servizo.	133,43
Oficial técnico organización servizo.	102,55
VI. Persoal obreiro	
Xefe de equipo.	133,43
Lavador de 1. ^a	133,43
Lavador de 2. ^a	81,56
Oficial 1. ^a maquinista a ceo aberto.	133,44
Oficial de 1. ^a oficios varios.	133,43
Electromecánico e oficial mecánico.	131,93
Peón especialista.	58,64
VII. Persoal administrativo, de economato e servizos auxiliares	
Xefe administrativo de 1. ^a , xefe de negociado 1. ^a	133,45
Xefe administrativo de 2. ^a , xefe de negociado 2. ^a	133,45
Oficial administrativo de 1. ^a	133,43
Oficial administrativo de 2. ^a	133,43
Programador.	131,05